

## Anuncio

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL”** funcionario de carreira.

Vista a base xeral 8.1, que sinala *“(…) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos***

*A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”*

Visto que segundo o disposto no punto 8.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

## RESOLVE:

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL**

## A) ADMITIDOS:

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	LACAMBRA PANO VANESA	EXENTA
2	RICO LOJO MARTA	EXENTA

## B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	ÁLVAREZ RODRÍGUEZ PATRICIA	EXENTA	<p>Non cumprimentar debidamente o Anexo II (Base Xeral pto. 5.4): "(...)Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases" e segundo se establece nas mesmas.</p> <p><b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b></p> <p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 b) e base Específica 5.1) "(...)"</p> <p><b>b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela..."</b> "(...) Título Superior de Pedagogía Musical, Título de Profesor/a Superior de Profesor/a ou de Profesor/a de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Plan de 1966). Segundo o establecido no Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo e a Circular 6/2012 da Dirección Xeral da Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determina as titulacións mínimas esixibles para impartición da ensinanzas regradas de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria e nos centros autorizados. ..."</p> <p><b>(Falta aceditación da especialidade)</b></p> <p><b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b></p>
2	FRANCO JUIZ JAVIER	EXENTA	<p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 b) e base Específica 5.1) "(...)"</p> <p><b>b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en</b></p>

			condicións de obtela...” “(...) Título Superior de Pedagogía Musical, Título de Profesor/a Superior de Profesor/a ou de Profesor/a de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Plan de 1966). Segundo o establecido no Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo e a Circular 6/2012 da Dirección Xeral da Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determina as titulacións mínimas esixibles para impartición da ensinanza regrada de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria e nos centros autorizados. ...” <b>(Falta acreditación da especialidade)</b> <b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b>
3	TORRE GARCÍA DIMAS	EXENTA	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 b) e base Específica 5.1) “(...)” <b>b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela...” “(...) Título Superior de Pedagogía Musical, Título de Profesor/a Superior de Profesor/a ou de Profesor/a de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Plan de 1966). Segundo o establecido no Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo e a Circular 6/2012 da Dirección Xeral da Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determina as titulacións mínimas esixibles para impartición da ensinanza regrada de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria e nos centros autorizados. ...”</b> <b>(Falta acreditación da especialidade)</b> <b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b>

A publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Mándoo e asínoo.

Viveiro, 26 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, D<sup>a</sup> María Loureiro García.

R. 0576